

**RHODOTUS PALMATUS (BULL.: FR.) MAIRE,  
UNHA NOVA CITA PARA GALICIA**  
por  
**A.JUSTO, P.LORENZO ET M.L.CASTRO\***

JUSTO, A., LORENZO, P. et CASTRO, M.L. 2007. *Rhodotus palmatus* (Bull.: Fr.) Maire, unha nova cita para Galicia. *Mykes* 10: 27-30.

**RESUMO:**

Descríbese a primeira recolección galega de *Rhodotus palmatus*. Coméntanse brevemente aspectos corolóxicos e taxonómicos desta especie.

**Palabras clave:** *Rhodotus palmatus*, coroloxía, taxonomía, Galicia.

JUSTO, A., LORENZO, P. et CASTRO, M.L. 2007. *Rhodotus palmatus* (Bull.: Fr.) Maire, new record from Galicia. *Mykes* 10: 27-30.

**SUMMARY:**

The first Galician record of *Rhodotus palmatus* is described. Some brief comments on the taxonomy and chorology of this species are provided.

**Key words:** *Rhodotus palmatus*, chorology, taxonomy, Galicia.

**INTRODUCCIÓN**

*Rhodotus palmatus* (Bull.: Fr.) Maire inclúese na familia *Tricholomataceae* (*Basidiomycota*, *Agaricales*). Caracterízase polo seu basidioma rosado, de hábito pleurotoide, a superficie do sombreiro a miúdo reticulada e hábitat lignícola.

Durante a celebración dun cursiño de micoloxía en Viana do Bolo (Ourense), atopáronse varios exemplares desta especie, non recolectada anteriormente na nosa comunidade, e que describimos a continuación.

---

\*Laboratorio de Micología. Facultade de Bioloxía. Campus As Lagoas-Marcosende. Universidade de Vigo. E-36310-Vigo. e-mail: [fjusto@uvigo.es](mailto:fjusto@uvigo.es), [purilorenzo@uvigo.es](mailto:purilorenzo@uvigo.es), [lcastro@uvigo.es](mailto:lcastro@uvigo.es)

## MATERIAL E MÉTODOS

A observación e descrición dos caracteres macro e microscópicos realizouse seguindo as técnicas habituais no estudio dos Agaricales (CASTRO *et al.*, 2005). O estudo microscópico realizouse cun microscopio óptico (Nikon Optiphot-2), provisto de cámara clara. Os orixinais realizados coa cámara clara escaneáronse e foron tratados co software Adobe Illustrator CS2®. Este programa permite transforma-los orixinais en imaxes con información vectorial, mellorando así a nitidez e claridade dos debuxos.

## RESULTADOS E DISCUSIÓN

***Rhodotus palmatus* (Bull.: Fr.) Maire, Bull. Trimestriel Soc. Mycol. France, 40: 308. 1926 [1924]**

- *Agaricus palmatus* Bull., *Hist. champ. France*: 216. 1791; *Agaricus palmatus* Bull.: Fr., *Syst. Mycol.*, 1: 186. 1821

**Macroscopía (Fig. 1):** Pileo de 3-8 cm de diámetro, convexo ou lixeiramente cónico cando novo, logo plano-convexo; superficie de cor rosada, visguenta en húmido, a miúdo con marcas en forma de retículo ou veas, máis marcadas no centro. Láminas apretadas, de cor rosada, adnadas, coa marxe enteira. Estipe de 1,5-5 x 0,5-1,5 cm, excéntrico ou lateral, estreitándose cara a base; superficie finamente fibrilosa, de cor branca, a miúdo mesturada con tonalidades rosadas ou pardas. Carne de cor rosada. Cheiro afroitado e sabor amargo.



Figura 1. *Rhodotus palmatus*.

**Microscopía (Fig. 2):** Esporas de 5-7 x 4,5-7  $\mu\text{m}$ ,  $Q = 1-1,3$ ,  $Q_m = 1,13$ , de (sub)globosas ou anchamente elipsoides, con numerosas protuberancias cilíndricas. Basidios de 30-50 x 6-10  $\mu\text{m}$ , estreitamente claviformes. Filo lami-

nar parcialmente fértil, pero tamén con abundantes queilocistidios de 30-60 x 5-10  $\mu\text{m}$ , laxeniformes, a miúdo de contorno flexuoso, no ápice (sub)capitados ou con proxeccións irregulares. Pileipelis a modo de himenodermis irregular, con elementos terminais de 35-90 x 17-35  $\mu\text{m}$ , claviformes, esferopedunculados ou mais raramente utriformes, en ocasións coa parede engrosada. Estipitipelis a modo de tricodermis irregular, con elementos terminais de 35-75 x 4-7 (10)  $\mu\text{m}$ , cilíndricos, estreitamente laxeniformes, en ocasións de contorno flexuoso, coa parede a miúdo engrosada. Fíbulas presentes en tódolos tecidos.

**Ecoloxía:** Crecendo de maneira gregaria sobre madeira de *Populus* sp.




Figura 2. *Rhodotus palmatus*. a: esporas; b: queilocistidios; c: pileipelis; d: estipitipelis (escala = 10  $\mu\text{m}$ )

**MATERIAL ESTUDADO:** Ourense, Viana do Bolo, sobre madeira de *Populus* sp., 6-XI-2006, leg.: Asistentes Cursiño Micología, LOU-Fungi 19601; ibídem, 7-XI-2006, LOU-Fungi 19602.

*Rhodotus palmatus* inclúese na familia *Tricholomataceae* R.Heim ex Pouzar, dentro da súa propia tribu *Rhodoteae* S.Imai. *Rhodotus* é o único xénero da tribu e polo momento só se coñece unha especie a nivel mundial. Sepárase do resto da familia pola seguinte combinación de caracteres: carpóforos pleurotoides, de hábitat lignícola, trama laminar bilateral, xelificada, esporas ornamentadas, non amiloides nin dextrinoides; pileipelis a modo de himenodermis (SINGER, 1986).

*R. palmatus* presenta unha distribución ampla a nivel mundial, xa que se coñece de Europa, Norte de África e Norteamérica (SINGER, 1986; NOORDELOOS, 1995). A pesar desta ampla distribución non é unha especie común, aínda que si pode ser localmente abundante e atoparse, repetidas veces, na mesma localidade (MEYERS, 2004).

#### **AGRADECIMENTOS**

Aos asistentes o cursiño de micoloxía organizado polo Servizo de Extensión Agraria, que nos achegaron o material aquí descrito.

#### **BIBLIOGRAFÍA**

CASTRO, M.L., JUSTO, A., LORENZO, P. et SOLIÑO, A. 2005. *Guía Micolóxica dos Ecosistemas Galegos*. Ed. Baía. A Coruña.

MEYERS, R. 2004. *Rhodotus palmatus* in MushroomExpert.com web site: [http://www.mushroomexpert.com/rhodotus\\_palmatus.html](http://www.mushroomexpert.com/rhodotus_palmatus.html)

NOORDELOOS, M.E. 1995. *Rhodotus*. In: BAS, C., KUYPER, TH.W., NOORDELOOS, M.E. et VELLINGA, E.C. (eds.). *Flora Agaricina Neerlandica 3: Tricholomataceae (2)*. A.A. Balkema. Rotterdam. The Netherlands.

SINGER, R. 1986. *The Agaricales in Modern Taxonomy*. Koeltz Scientific Books. Koenigstein. Germany.